



CONCELLO DE BARBADÁS

Cimadevila nº 11 - 32890 BARBADÁS (OURENSE)

Teléfonos 988 360 000 - 988 360 001

Fax: 988 360 126

C.I.F. P-3200900-C

ORDENANZA REGULADORA DE TAXA POR PASAXES PERMANENTES E CARGA E DESCARGA DE MERCADORÍAS.

Artigo 1º.- Concepto.-

De conformidade co disposto nos artigos 15 ó 19 en relación co artigo 20.3.h), ámbolos dous do RD 2/2004 do 5 de marzo, polo que se aproba o texto refundido da Lei reguladora das facendas locais, este Concello establece a taxa por pasaxes permanentes e carga e descarga de mercadorías no que o feito imponible está constituído polo acceso de vehículos ó interior de inmobles, cando sexa necesario cruzar beirarrúas ou outros bens de dominio e uso público, ou que supoña un uso privativo ou unha especial restricción do uso que corresponda a tódolos cidadáns respecto a tódolos bens, ou impida o estacionamento ou parada doutros vehículos no fronte polo que se realiza o acceso.

Artigo 2º.- Obrigados ó pago.

Están obrigados ó pago as persoas físicas, xurídicas, ou outro tipo de entidades, aínda sen personalidade, en cuio favor outorguen as licencias, ou quenes se beneficien do aproveitamento se se procedeu sen a oportuna autorización. Subsidiariamente responderán do pago da taxa devengada os donos dos inmobles afectos a utilizacións ou aproveitamentos especiais da vía pública, os cales autorizarán coa súa sinatura as solicitudes relativas a estes aproveitamentos.

Artigo 3º.- Obriga de pagamento.-

1.- A obriga de pagamento da taxa desta ordenanza nace:

- a) Tratándose de concesións dos aproveitamentos da vía pública, no momento de recolle-la correspondente licencia.
- b) Tratándose de concesións de aproveitamentos xa autorizados e prorrogados, o día primeiro de xaneiro de cada exercicio.

2.- O pagamento desta taxa realizarase por ingreso directo na Tesourería municipal ou onde estableza o Concello.



CONCELLO DE BARBADÁS

Cimadevila nº 11 - 32890 BARBADÁS (OURENSE)

Teléfonos 988 360 000 - 988 360 001

Fax: 988 360 126

C.I.F. P-3200900-C

Artigo 4º.- Extinción da obriga do pago.

1.- En todo caso, a extinción da obriga de pago, requirirá a previa petición de baixa; con carácter xeral, para a concesión da mesma, é necesario a correcta reposición do dominio público ó seu estado orixinal, sendo por conta do interesado, previa a oportuna autorización.

2.- Cando a petición de baixa coa retirada de placa se formulase antes do primeiro de xullo do ano correspondente, devengarase nese exercicio exclusivamente o **50% da cota anual**.

3.- As autorizacións que se outorguen con posterioridade o primeiro de xullo, devengarán, así mesmo, exclusivamente o **50% da cota anual**.

Artigo 5º.- Suxeitos pasivos.-

Son suxeitos pasivos da taxa, en concepto de contribuíntes, as persoas físicas ou xurídicas que gocen, utilicen ou aproveiten especialmente o dominio público local polas entradas de vehículos a través das beirarrúas ou espazos da vía pública reservados de feito ó uso de peóns, aínda que non existan beirarrúas ou diferencias de rasantes e reserva da vía pública para aparcamento exclusivo, parada de vehículos, carga e descarga de mercadorías de calquera clase.

Artigo 6º.- Cota tributaria.-

1.- As tarifas da taxa regulada nesta ordenanza serán as seguintes;

Epígrafe, cota anual, euros.

Primeira.- Entrada de vehículos con carácter de pasaxe permanente e sinalización:

a) Garaxes: 1.Con unha entrada:

- ata 4 vehículos: 28 euros
- máis de 4 vehículos, por cada praza de exceso: 7 euros

2.Con máis dunha entrada: Cada entrada a maiores devengará a cantidade de 28 euros anuais.

b) Aparcamentos de promoción pública ou privada con capacidade superior a 10 prazas: 150 euros por entrada/ano mais 7 euros /vehículo.



CONCELLO DE BARBADÁS

Cimadevila nº 11 - 32890 BARBADÁS (OURENSE)

Teléfonos 988 360 000 - 988 360 001

Fax: 988 360 126

C.I.F. P-3200900-C

c) Por entrada ós locais de reparación de vehículos, lavado, engraxado, locais de compra e venda de vehículos, etc...: 62'50 euros.

d) Almacéns e locais comerciais:37'50 euros.

e)Garaxes destinados a vivenda unifamiliar: 28 euros.

Segunda.- Por cada metro lineal de estacionamento reservado na vía pública:

a) Empresas de transporte de viaxeiros, entradas particulares, por m/1 ano: 19 euros

b) Edificios e instalacións de centros sanitarios de carácter privado : 10 euros.

Terceira.- Por conxunto entrada e saída de gasoleira: 312 euros.

Cuarta.- Carga e descarga de mercadorías na vía pública:

a) Autorizacións especiais para carga e descarga de calquera clase de materiais que leven aparelado unha reserva de espacio na vía pública: 2 euros/hora e metro lineal.

b) As mesmas autorizacións se para o dito corte se precisa da actuación dos axentes da Policía Local: 4 euros/hora e metro lineal.

Artigo 7º.-

Quedan exceptuadas do pago da taxa por reserva de espacio, pero non así da obriga de solicitar a oportuna autorización:

a) Reservas de espacio para servizos públicos.

b) Reservas de espacio para estacionamento ante organismos públicos.

Artigo 8º.-

Non estarán obrigados o pago da taxa, regulado no presente Capítulo, os edificios do Estado, Provincia ou Comunidade Autónoma e os dedicados a centros de ensino recoñecidos polo Ministerio de Educación e Ciencia.

Artigo 9.-Solicitudes

A solicitude de autorización poderá ser presentada polos posuidores lexítimos dos inmobles ós que se vaia permiti-lo acceso, así coma os promotores ou contratistas no suposto de obras.



CONCELLO DE BARBADÁS

Cimadevila nº 11 - 32890 BARBADÁS (OURENSE)

Teléfonos 988 360 000 - 988 360 001

Fax: 988 360 126

C.I.F. P-3200900-C

Os servizos técnicos deste Concello comprobarán e investigarán as declaracións formuladas polos interesados, concedéndose as autorizacións, caso de non atopar diferencias coas peticións de licencias; se existisen diferencias, notificaránselles estas ós interesados e formularanse, se é o caso, as liquidacións complementarias que procedan, concedéndose as autorizacións unha vez que os interesados reparen as diferencias e, se é o caso realizados os ingresos complementarios que procedan.

Artigo 10.- Locais susceptibles de autorización.

As entradas de vehículos só se concederán do tipo vado permanente a:

-Garaxes comunitarios sempre que cumpran as seguintes características:

1. Que se garden máis de tres vehículos tipo turismo.
2. Que teña unha superficie mínima de 36 metros cadrados .
3. Deberá figurar na división horizontal como garaxe, podéndose eximir desta obriga ós edificios que pola súa antigüidade carezan dela, sempre que despois da comprobación oportuna se constate o seu emprego coma garaxe comunitario.

-Edificios que pola súa construción carezan de cocheiras: Poderase autorizar, excepcionalmente, o emprego dos baixos do mesmos coma garaxes. Previo informe ó efecto da Policía Local e servizos técnicos municipais, sempre que a fluidez do tráfico e a capacidade de estacionamento da vía na que se vai colocar non se vexan afectados gravemente.

-Aparcamentos de promoción pública ou privada con capacidade superior a 10 prazas, talleres de reparación de vehículos e locais de compra-venda de vehículos: Será obrigatorio posuí-la licenza municipal para a dita actividade.

-Almacéns e locais comerciais que precisen a licenza de pasaxe permanente para carga e descarga de pesos considerables ou mercadorías voluminosas, deberán acreditarlo suficientemente e:

1. Estar en posesión da licenza municipal para a dita actividade.
2. Dispoñer dun espazo dentro do local exclusivamente dedicado para estas operacións cun mínimo de 20 metros cadrados.



CONCELLO DE BARBADÁS

Cimadevila nº 11 - 32890 BARBADÁS (OURENSE)

Teléfonos 988 360 000 - 988 360 001

Fax: 988 360 126

C.I.F. P-3200900-C

- Garaxes destinados a vivenda unifamiliar.
- Edifícios ou instalacións de equipamentos comunitarios de carácter sanitario hospitais e ambulatorios.
- Gasolineiras, estacións de servizo, venda de carburantes.
- Edifícios destinados a organismos oficiais cando a natureza do mesmo o esixa.

Artigo 11º.- Autorizacións.-

A autorización de entrada de vehículos será concedida pola Alcaldía ou o Concelleiro-Delegado correspondente, previo informe favorable da Policía Local .

A execución de rebaixas do bordo e sinalización de vado permanente están suxeitas á previa autorización municipal e cumprimento dos trámites previstos na presente ordenanza

Unha vez autorizada a ocupación entenderase prorrogada en tanto non se presente a declaración da baixa polo interesado.

Artigo 12.-Obrigas

O titular do vado ou a comunidade de propietarios correspondente, seranlle de aplicación as seguintes obrigas:

1. A limpeza dos accesos ó inmovible, de graxa, aceites ou outros elementos producidos como consecuencia da entrada e saída de vehículos.
2. Coloca-lo sinal de vado permanente nunha zona visible da porta de entrada ou saída do inmovible, preferentemente no seu lado dereito ou no seu defecto na zona central superior da fachada da porta. Excepcionalmente, naqueles inmovibles con accesos de longo recorrido, permitirase que se coloque nunha barra vertical.
3. Á adquisición do sinal de vado aprobada polo Concello.
4. A sinalización do rebaxe do bordo cunha liña lonxitudinal amarela continua.

Artigo 13.-Sinalización

Están constituídas por dous tipos de sinalización :



CONCELLO DE BARBADÁS

Cimadevila nº 11 - 32890 BARBADÁS (OURENSE)

Teléfonos 988 360 000 - 988 360 001

Fax: 988 360 126

C.I.F. P-3200900-C

VERTICAL

Instalación na porta, fachada ou construción dun disco de prohibición de estacionamento, axustado ó modelo oficial que será facilitado polo Concello previo abono das taxas correspondentes nas que constará:

-Núm. de identificación outorgado polo Concello.

HORIZONTAL

Consiste nunha franxa amarela de lonxitude correspondente á do ancho da entrada pintada no bordo ou na calzada xunto ó bordo.

Non se permitirá en ningún caso colocar ramplas ocupando a calzada.

No suposto de que o interesado precise realizar algunha obra de adaptación do vado, deberá pedir a correspondente licenza de obra.

Os custos que ocasione a sinalización descrita, así como as obras precisas correrán a conta do solicitante, que virá obrigado a mante-la sinalización tanto vertical coma horizontal nas debidas condicións.

Artigo 14.-Desperfectos

Os desperfectos ocasionados nas beirarrúas con motivo do uso especial que implica a entrada e saída de vehículos con ocasión do vado concedido, será responsabilidade dos titulares, os cales estarán obrigados á súa reparación a requirimento da autoridade competente e dentro do prazo que ó efecto se outorgue que no caso do seu incumprimento dará lugar á execución forzosa nos termos regulamentados na Lei de réxime xurídico das administracións públicas e do Procedemento administrativo común.

Artigo 15.-Suspensión da autorización

O Concello poderá suspender por razóns do tráfico, obras na vía pública ou outras causas extraordinarias os efectos da autorización con carácter temporal.

Artigo 16.-Revogación

As autorizacións poderán ser revocadas polo órgano que as dictou nos casos seguintes :



CONCELLO DE BARBADÁS

Cimadevila nº 11 - 32890 BARBADÁS (OURENSE)

Teléfonos 988 360 000 - 988 360 001

Fax: 988 360 126

C.I.F. P-3200900-C

- Por ser destinadas a fins distintos para os que foran outorgadas.
- Por desapareceren as causas ou circunstancias que deron lugar ó seu outorgamento.
- Por non aboar a taxa anual correspondente.
- Por carecer da sinalización axeitada.
- Por causas motivadas relativas ó tráfico ou circunstancias da vía pública.

A revogación dará lugar á obriga do titular de retirar a sinalización, reparar o bordo da beirarrúa ó seu estado inicial e entregar a placa identificativa do Concello.

Artigo 17.-Baixa

Cando se solicite a baixa ou anulación da autorización de entrada de vehículos que se viña disfrutando por deixar de usar o local como aparcamento, deberase suprimir toda a sinalización indicativa da existencia da entrada, reparación do bordo da beirarrúa ó estado inicial e a entrega da placa nos servizos municipais correspondentes.

Previa comprobación do cumprimento destes requisitos polos servizos municipais correspondentes, procederase á concesión da baixa solicitada.

Disposición final.-

A presente ordenanza entrará en vigor a partir do día seguinte da súa publicación no BOP.